

**ORDENANZA FISCAL NUM. 118****TAXA POLO VERQUIDO DE AUGAS RESIDUAIS PROCEDENTES DE  
CISTERNAS NA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR)****ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO**

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas polo verquido de augas residuais procedentes de cisternas na EDAR, as normas da cal atenden ó prevido nos artigos 20.4 e 57 da do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos de recollida, análise, tratamento e depuración de residuos na Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR).

**ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas que inicien a prestación dos servizos referidos no artigo 2º co depósito de verquidos de residuos na EDAR.

**ARTIGO 4º. CONTÍA**

1.- Residuos orgánicos asimilables a fosas sépticas de orixe domiciliario:

A contía da taxa será de 18,01 € por m<sup>3</sup> de carga contaminante dos residuos, sen que en ningún caso a contía poida ser inferior a 34,36 €.

2.- Residuos orgánicos de orixe industrial, animal ou mestura de diversas fraccións de residuos:

A contía da taxa calcularase baseándose na seguinte expresión:

$$PT = C * PF$$

Sendo:

PT: Prezo total

C: Carga contaminante

PF: Custo fixo asociado a cada m<sup>3</sup> de residuo vertido por tratamento de depuración. Será de 0,409125 € por m<sup>3</sup>.

O cómputo da carga contaminante dos residuos determinarase segundo a seguinte fórmula:

$$C = (0,5 * SS / 200 + 0,5 * DQO / 500) * F * Q$$

Sendo:

C: Carga contaminante total.

SS: Sólidos en suspensión (mg/l).

DQO: Demanda química de osíxeno (mg/l).

F: Factor corrector en función do tipo de actividade considerada.

Q: Volume de residuo vertido.

Os valores de DQO e SS serán obtidos dunha mostra do vertido tomada na recepción da cisterna en planta.

No anexo á presente ordenanza recóllese a clasificación de actividades que permite determinar o valor de F segundo a táboa seguinte:

F = 0,50 para actividades da clase I.

F = 1,00 para actividades da clase II.

F = 1,50 para actividades da clase III.

F = 2,00 para os residuos procedentes de lugares localizados fóra do termo municipal.

## **ARTIGO 5º. DEVENGO E INGRESO**

1.- A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo coa recepción dos verquidos de residuos na EDAR.

2.- O pagamento das taxas realizarase trimestralmente, mediante liquidación realizada polo Servizo de Facenda Local con base no informe da EDAR no que se indiquen os datos do suxeito pasivo e os valores necesarios para o cálculo da carga contaminante total.

## **ARTIGO 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Quedan exentos de pagamento os verquidos procedentes do servizo de limpeza da rede pública de sumidoiros realizados pola empresa adxudicataria do dito servizo.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa<sup>20</sup>.

---

<sup>20</sup> O texto da ordenanza transcrita, é o da súa redacción vixente, integrada coas modificacíons aprobadas polo Concello Pleno mediante acordo de data 7 de novembro de 2011, para rexer a partir do 1 de xaneiro de 2012 (Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do 26/12/2011).

**ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLO VERQUIDO DE AUGAS RESIDUAIS PROCEDENTES DE CISTERNAS NA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR).**

**Clasificación de actividades.**

Esta clasificación afectará ás empresas en función da súa actividade con máis repercusión sobre as augas residuais. A adscrición do verquido a unha determinada clase de actividade realizará o persoal técnico da EDAR municipal, atendendo á procedencia do verquido, reflectida no parte de entrega do produtor ó transportista ou xestor autorizado que verta o residuo na EDAR.

**CLASE I**

|     |  |
|-----|--|
| 151 | Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica.  |
| 152 | Fabricación e distribución de gas.   |
| 153 | Producción e distribución de auga quente.  |
| 161 | Captación, depuración e distribución por tubo de auga para núcleos urbanos.  |
| 223 | Fabricación de tubo de aceiro.   |
| 246 | Fabricación de vidro plano, oco, técnico, fibra de vidro, manipulado do vidro.   |
| 311 | Fundición de pezas.  |
| 312 | Forxado, estampado, embutición, cuñaxe, corte e repulsado.   |
| 314 | Carpintería metálica, estruturas metálicas.  |
| 315 | Construcción de grandes depósitos e caldeirería gosa.  |
| 316 | Fabricación de ferramentas manuais e agrícolas, artigos de ferraxería e cerrallaría, parafusaría e artigos derivados do arame, artigos metálicos de enxoaval, cociñas, etc., non eléctricas, mobiliario metálico, de recipientes e envases metálicos, armas lixeiras e municións, etc. |
| 319 | Mecánica en xeral (transformación de metais con máquina-ferramenta) e talleres mecánicos en xeral, de soldadura, etc.  |
| 32  | Construcción de máquinas agrícolas, máquinas para traballar os metais, a madeira, etc., máquina-ferramenta, máquinas téxteis, de fundición, etc., fabricación de engrenaxes, cadeas de transmisión, maquinaria elevación, rodamentos.  |
| 330 | Construcción de máquinas de oficina e ordenadores.   |
| 34  | Fabricación de fíos e cables eléctricos, material eléctrico e equipamentos, excepto fabricación de pilas e acumuladores, fabricación de contadores e aparellos a medida, electrodomésticos, lámpadas e material de iluminación.  |
| 35  | Fabricación de aparellos de equipo telefónico e telegráfico, aparellos de radiocomunicación e televisión, aparellos electromédicos, profesionais e científico, etc., componentes electrónicos e circuitos integrados.  |
| 36  | Construcción e montaxe de vehículos automóbiles e os seus motores, carrocerías, remolques, etc.  |
| 38  | Construcción, reparación e mantemento de material ferroviario, aeronaves, bicicletas, motocicletas, etc.   |

|     |  |
|-----|--|
| 39  | Fabricación de instrumentos de precisión, medida e control, material médico-cirúrxico, equipos ópticos e fotográficos, reloxos, etc.   |
| 41  | Fabricación de aceite de oliva, extracción de aceites de sementes oleaxinosas, extracción de aceites de graxas animais, refinado e hidroxenado doutros corpos graxos, obtención de margarina e graxas alimenticias.  |
| 413 | Sacrificio de gando, preparación e conservas de carne e incubado de aves.  |
| 414 | Industrias lácteas.  |
| 415 | Fabricación de xogos e conservas vexetais.   |
| 416 | Fabricación de conservas vexetais e outros produtos.   |
| 417 | Fabricación de produtos de moedura.  |
| 418 | Fabricación de pastas alimenticias.  |
| 419 | Industria do pan, pastelería e galletas.   |
| 42  | Industria do cacao e chocolate, elaboración de produtos de confeitería, produtos para a alimentación animal (pensos). Elaboración de café, té e sucedáneos, de sopas preparadas, extractos e condimentos, de produtos dietéticos e de réxime, etc.   |
| 420 | Industria do azucré.   |
| 424 | ndustria de alcohois etílicos de fermentación.   |
| 425 | Industria vinícola.  |
| 426 | Sidrerías.   |
| 427 | Fabricación de cervexa e malte.  |
| 428 | Industrias da auga mineral, augas gaseadas e outras bebidas alcohólicas.   |
| 429 | Industrias do tabaco.  |
| 451 | Fabricación en serie do calzado e do calzado de artesanía.   |
| 46  | Serrado e preparación industrial da madeira. Fabricación de produtos semielaborados de madeira (chapas, taboleiros, etc.). Fabricación en serie de pezas de carpintería, parqué, etc. Fabricación de envases e embalaxes de madeira, de obxectos de madeira, de produtos de cortiza, artigos de xunco, cana, cestería, etc. De mobiliario de madeira para o fogar, escolar, de oficina, ataúdes. |

**CLASE II**

|     |  |
|-----|--|
| 121 | Prospección de petróleo e gas natural.   |
| 122 | Extracción e distribución de derivados do petróleo.  |
| 123 | Extracción, depuración e distribución de gas natural.  |
| 124 | Extracción de lousas bituminosas.  |
| 211 | Extracción e preparación de minerais de ferro.   |
| 212 | Extracción e preparación de minerais non férreos.  |
| 221 | Siderurxia integral.   |
| 222 | Siderurxia non integral.   |
| 224 | Trefilaxe, estirado, perfilado, laminado en frío do aceiro.                                  |
| 241 | Fabricación de produtos de terras cocidas para a construcción, excepto artigos refractarios. |
| 242 | Fabricación de cementos, cales e xesos.  |

|       |   |
|-------|---|
| 243   | Fabricación de materiais de construcción en formigón, cemento, xeso, escaiola e otros.                                  |
| 316   | Fabricación de mobiliario metálico con fosfatado. Fabricación de armas lixeiras con pavonado.                           |
| 431   | Industria do algodón, fiado e tecido de algodón.  |
| 432   | Preparación de fibras de la, fiado, retorcido e tecido de la e mesturas.  |
| 433   | Industrias da seda natural e as súas mesturas.  |
| 434   | Industrias das fibras duras e as súas mesturas.   |
| 435   | Fabricación de xéneros de punto en peza, fabricación de calcetaría, prendas interiores e exteriores.                    |
| 436   | Acabados téxtils.   |
| 437   | Fabricación de alfombras, tecidos impregnados.  |
| 439   | Outras industrias téxtils.  |
| 442   | Fabricación de artigos de marroquinería e viaxe, guantes de pel, outros artigos de coiro.                               |
| 468.5 | Actividades anexas á industria do moble (dourado, vernizado).   |
| 473.4 | Fabricación de artigos de decoración e uso doméstico (papel pintado).   |
| 473.9 | Fabricación doutros manipulados de papel e cartón non clasificados (papel revestido de cera, parafina, alcatrán, etc.). |
| 474   | Impresión gráfica, serigrafía, fotocomposición, e reprodución. Actividades anexas á impresión.                          |
| 475   | Actividades anexas ás artes gráficas.   |
| 481   | Transformación do caucho.   |
| 482   | Transformación de materias plásticas.   |
| 491   | Xoiería e bixutería.  |
| 917   | Lavanderías, tinturerías e servizos similares.  |

**CLASE III**

|     |  |
|-----|--|
| 225 | Producción e primera transformación de metais non férreos.   |
| 245 | Fabricación de abrasivos.  |
| 247 | Fabricación de produtos cerámicos.   |
| 251 | Fabricación de produtos químicos orgánicos de orixe petroquímico, outros produtos químicos orgánicos, produtos inorgánicos, primeiras materias plásticas, fabricación de caucho e látex sintéticos.                        |
| 252 | Fabricación de fertilizantes e praguicidas.  |
| 253 | Fabricación de gases comprimidos, colorantes e pigmentos, pinturas, vernices e lacas, tintas de imprenta, aceites e graxas industriais, explosivos, etc.   |
| 254 | Fabricación de produtos farmacéuticos de base, especialidades e outros produtos farmacéuticos.   |
| 255 | Fabricación de xabóns, deterxentes, lixiviás, produtos de perfumería e cosmética, derivados de cera e parafinas. Fabricación de material fotográfico sensible. Fabricación de artigos pirotécnicos, mistos, fósforos, etc. |
| 313 | Tratamento e recubrimento superficial dos metais.  |
| 343 | Fabricación de pilas e acumuladores.   |
| 441 | Curtume e acabados de coiro e peles.   |

|     |  |
|-----|--|
| 472 | Fabricación de pasta papeleira, de papel e cartón, cartón ondulado e artigos de cartón ondulado. |
| 493 | Laboratorios fotográficos e cinematográficos.  |